

## Resumo anual da actividade de 2021 da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

*Neste documento queremos recoller a actividade a destacar que desenvolveu a Xunta de Goberno do COPG ao longo deste ano e que fomos adiantando nos distintos soportes de comunicación do COPG. Unha actividade que, como en practicamente todos os ámbitos da vida, continuou marcada pola emerxencia sanitaria da COVID-19.*

*A pandemia ten un innegable impacto na saúde mental e no benestar psicolóxico das persoas e esa é unha cuestión moi preocupante, dado que os recursos para atendela son moi escasos, especialmente para aquelas persoas nunha situación máis vulnerable, polo que unha parte fundamental do noso labor institucional é reclamar que as Administracións Públicas competentes garantan o dereito á atención psicolóxica.*

*Cómpre sinalar que boa parte deste traballo institucional se fai en estreita colaboración coas Comisións de Ética e Deontoloxía e de Defensa da Profesión, as seccións de Psicoloxía e Saúde, Psicoloxía Educativa, Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, o Grupo de Tráfico e da Seguridade, as Comisións Intersectoriais de Mediación, Feminista e de Deporte, e o Espazo de Autocoidado. Trátase dun avance de toda a información que se recollerá puntualmente na Memoria Anual de 2021 do COPG.*

## 1. Relacións coa Administración

No referente ás relacións coa Administración galega, trasladámoslle o incremento das necesidades de atención psicolóxica que desde o Colexio Oficial de Psicología de Galicia se foi constatando.

Solicitouse en varias ocasións unha xuntanza co **Conselleiro de Sanidade**, para trasladarlle a nosa preocupación polos niveis de malestar emocional e psicolóxico que está a experimentar a poboación e pola dificultade na accesibilidade á atención psicolóxica no SERGAS, reclamando que se **reforcen as Unidades de Saúde Mental a través das listas de contratación, e que se incorpore a prestación de Psicología en Atención Primaria**, así como a creación de servizos propios de psicología clínica.

Así mesmo, presentáronse achegas para o proxecto de reforma da Atención Primaria en Galicia, incidindo na utilidade e nos beneficios de contar con profesionais da psicología clínica neste nivel asistencial. Ademais, previamente, con motivo da reunión do Ministerio de Sanidade e os gobernos das Autonomías no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, para a abordaxe específica da Atención Primaria, desde o COPG contactamos coa Consellería de Sanidade para solicitarlle que **defendese a progresiva incorporación da psicología na Atención Primaria**.

Entre as diversas reclamacións que se presentaron á **Consellería de Sanidade**, solicitouse que se incorpore á **Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia** da Comunidade Autónoma de Galicia a figura do ou da especialista en Psicología Clínica. Así mesmo, en relación coa pandemia, instouse ao Goberno galego a incorporar a profesionais de psicología das unidades de Saúde Mental do SERGAS dentro do Comité Clínico que asesora ao goberno galego en materia da COVID.

Tamén se lle trasladou mediante unha carta á Xunta de Galicia a recepción no COPG de moitas solicitudes de asistencia psicolóxica por parte de diversos concellos, e reclamóuselle á Xunta que facilite tal atención a través da **incorporación de psicólogos e psicólogas nos servizos sociais comunitarios**.

Ademais, este Colexio foi requirido pola **Consellería de Sanidade** para colaborar no proceso de vacinación. En xaneiro, desde a Consellería de Sanidade solicítasenos cun prazo de 5 días, un listado daqueles psicólogos e psicólogas que exercen en centros sanitarios privados. Foi un momento de moita confusión, con dificultades para obter información. Desde este Colexio solicitóuselle tamén en reiteradas ocasións a Sanidade a vacinación de toda a profesión, non só a sanitaria, tendo en conta que se trata dun servizo esencial. En todo caso, o papel do COPG neste proceso foi unicamente o de comunicar datos de psicólogos e psicólogas: non se tivo a oportunidade de participar en ningún proceso de toma de decisións, nin en relación co tipo de vacina administrada, nin tampouco da orde de vacinación.

Como novidade, este ano asinouse un convenio coa **ACIS**, a **Axencia de Coñecemento en Saúde** da Consellería de Sanidade, para colaborar na organización dun ciclo de conferencias dirixido aos/ás profesionais do Sergas, co obxectivo de coidar do seu benestar emocional, desde a óptica do autocoidado, e que se concretou a través de catro conferencias.

Estas conferencias forman parte dun programa máis amplo, o Plan de Apoio e Atención ao Persoal de Sanidade, do SERGAS, para o cal se convocou ao COPG a unha xuntanza desde o Servizo de Saúde Mental do SERGAS, se ben xa fora presentado. Desde o COPG presentáronse unhas suxestións de mellora, instando a que se tivese en conta a profesión na elaboración do mesmo e non a posteriori.

O COPG subscribiu unha campaña publicamente co obxectivo de que se convocasen o **100% das prazas PIR acreditadas en Galicia**, que son 12, e non as 7 que se veñen convocando nos últimos anos. Só se incrementou unha neste ano, chegando ás 8, xa que se está deixando pasar unha oportunidade de capacitación valiosísima.

Así mesmo, a Sección de Psicología e Saúde, a través dun grupo de traballo específico, elaborou un protocolo Postcatástrofe, unha guía de actuación e intervención para primeiros auxilios psicolóxicos tras un suceso crítico, e foi remitido á Consellería de Sanidade, a de Política Social e a Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

En relación coa **Consellería de Educación**, mantívose unha reunión co Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional para presentarlle o proxecto que se está a impulsar desde a División de Psicología Educativa do Consejo General de la Psicología, a través de Psicofundación, o proxecto PsiCE, "Intervención psicolóxica en contextos educativos". Este proxecto busca é un estudo para o tratamento transdiagnóstico dos trastornos emocionais en adolescentes no contexto escolar, e estamos participando desde o COPG. Nesta mesma xuntanza explicouse que continuamos a recibir solicitudes no COPG por parte de profesorado, máis que o ano pasado, que se están vendo desbordados por un incremento de trastornos de ansiedade e de malestar emocional entre o seu alumnado. Vemos que continúa sen atenderse a saúde psicolóxica dos nenos, nenas e adolescentes en Galicia, polo que seguimos reclamando esta atención psicolóxica nos centros de ensino.

Coa **Vicepresidencia da Xunta de Galicia**, a través da **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior** renovouse o convenio para o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, o GIPCE. Este ano conmemoramos o 25 aniversario do nacemento do Grupo, que tivo entre as súas principais accións a realización dun vídeo documental no que participaron os/as ex-coordinadores/as e a actual coordinadora do GIPCE para expoñer o percorrido histórico deste Grupo e da atención psicolóxica profesional nas emerxencias en Galicia. Este documental foi estreado no acto de celebración do aniversario que acolleu a Academia Galega de Seguridade Pública.

Coa **Secretaría Xeral da Igualdade**, dependente da **Consellería de Traballo e Igualdade** renovamos un ano máis os convenios para os programas de atención psicolóxica especializada en violencia de xénero, o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa "Abramos o Círculo".

Tamén asinamos un ano máis o convenio para un servizo de Quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para a intervención en violencia de xénero, á petición dos corpos e forzas de seguridade, que constitúe un importante recurso e que estamos optimizando o seu funcionamento para adaptalo mellor ás demandas que recibimos.

O COPG participa no Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

Ademais, colaboramos co **Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral**, da Consellería de Traballo e Igualdade da Xunta de Galicia, co que mantemos un convenio de colaboración.

No ámbito da **Política Social** continúaase participando a través do Consello Galego do Benestar Social da Xunta de Galicia.

Con respecto á mediación intraxudicial, a día de hoxe, os equipos de mediación continúan paralizados, e desde este Colexio continuaremos demandando ás Consellerías correspondentes que sigan cubrindo a mediación gratuíta para toda a cidadanía galega. Tras conversas coa Xunta de Galicia, enviouse á Dirección Xeral de Xustiza a listaxe de psicólogos e psicólogas mediadoras para a Mediación Familiar Intraxudicial, co obxectivo de que dispoña dos profesionais cualificados para continuar coa co-mediación entre profesionais da psicoloxía e da avogacía.

Así mesmo, tamén reclamamos o incremento de profesionais da psicoloxía no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).

Coa **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, presentamos achegas ao Plan Galego de Seguridade Viaria, a través do Grupo de Tráfico e Seguridade.

Continúaase colaborando coa **Secretaría Xeral de Deporte da Xunta de Galicia**, onde o Colexio forma parte da Comisión Galega de Control da Violencia.

No marco do convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) por sexto ano e con motivo do 25 de novembro lanzamos o cartaz co "Decálogo de Concellos #PoloBoTrato" que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero. Tamén se fixo a petición ao presidente da FEGAMP para expoñer a situación dos psicólogos e psicólogas nos distintos concellos.

Co **Concello de Santiago de Compostela** colaboramos en distintos eidos.

- Continúaase no Consello Municipal da Saúde.
- Participamos un ano máis na campaña "Compostela en negro", para amosar o noso compromiso coa loita contra a violencia de xénero.

Co **Concello da Coruña** tamén se colabora en dous consellos municipais: por unha banda o Consello Sectorial de Inclusión Social, e pola outra, no Consello Local da Saúde.

Tamén no **Concello de Monforte**, onde formamos parte do Consello de Saúde.

## 2. Dixitalización e actividade colexial

En canto a modalidade da actividade colexial, a maioría das xuntanzas da Xunta de Goberno, seccións, comisións e grupos, celebráronse de forma online, ao igual que todo o programa formativo, aínda que xa puideron manterse algunhas actividades presenciais ou mixtas. De feito, adquiriuse un sistema de videoconferencias para facilitar o desenvolvemento de reunións ou formacións en formato mixto.

A formación mantívose cunha alta oferta, especialmente online, que foi recibida con moi boa participación. Isto é moi importante, dado que unha formación permanente é a mellor garantía para manter unha boa práctica, actualizada e responsable. Máis de 1.400 persoas participaron nas 28 actividades formativas propostas polo COPG, ao que hai que sumar as máis de 300 inscricións nas actividades de “Falamos. Ciclo de Experiencias Compartidas do COPG”, unha iniciativa da Vogalía de Formación que comezou en abril na que cada mes, algún colexiado ou colexiada presentou publicacións, estudos, programas, libros, etc., de interese tanto para a profesión como nalgúns casos tamén para a cidadanía en xeral, co que se pretendeu dar un impulso á profesión e ao bo traballo da colexiación, fomentando o intercambio e a visibilización.

En relación con isto, un adianto importante para favorecer a tramitación co Colexio é o lanzamento da sede electrónica, a nosa Administración en liña. Unha sede con todas as garantías legais que permite realizar unha cantidade importante de trámites sen ter que desprazarse ao Colexio: altas, baixas, participación en procedementos, solicitudes, etc.

Así mesmo, tamén se están a emitir certificados dixitais con atribución profesional, emitidos polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que está de alta como Autoridade de Rexistro. Este certificado dixital reconece como psicólogo colexiado ou colexiada diante de calquera administración pública ou outra entidade, e é de utilidade para os trámites que realice a nivel profesional, desde o seu posto de traballo, como asinar informes, certificacións, etc. Este é un proceso vivo, no que se continúa a traballar para melloralo. A intención é que sexa unha ferramenta cada vez máis potente, que simplifique o traballo administrativo e, sobre todo, que facilite a relación das persoas colexiadas co Colexio.

Outra das ferramentas máis utilizadas e das máis prácticas desde o comezo da pandemia, e que se renovou este ano, é que todas as psicólogas e psicólogos colexiados do COPG teñen acceso a unha plataforma de teleasistencia psicolóxica segura e con todas as garantías legais, de forma completamente gratuíta, chamada PSYPOCKET, a través do Consejo General de la Psicología.

Ademais, creouse o programa Limiar, un programa específico de acompañamento para os novos colexiados e colexiadas, orientado ás necesidades que poden ter os psicólogos e psicólogas que inician a súa actividade profesional. Desenvolvéronse varias sesións online de acollida, e ademais, dous webinars: un sobre aspectos éticos e legais da práctica psicolóxica, e outro sobre cuestións fiscais e laborais das consultas de psicoloxía. Tiveron moi boa repercusión e a intención é continuar con este programa.

### **3. Actividades e outras informacións colexiais**

#### **Renovación dos Estatutos**

Desde o 22 de marzo de 2021 e tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, están en vigor os novos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dispoñibles na nosa web, co que culmina o proceso de modificación dos últimos dous anos que nos facilita ter un marco normativo acorde coas esixencias legais actuais, especialmente no relativo á administración electrónica.

#### **Tempo da Psicoloxía**

Dentro da actividade colexial, cómpre sinalar que entre o 22 e o 24 de febreiro tivo lugar a terceira edición de Tempo da Psicoloxía, organizada polo Colexio Oficial de

Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, por primeira vez en formato online. O tema central escollido nesta ocasión foi a **pandemia do coronavirus e o impacto psicolóxico** en tres ámbitos: as persoas maiores, a saúde mental e a infancia e mocidade.

A extraordinaria emerxencia sanitaria que estamos vivindo e as súas consecuencias está ocasionando un impacto no plano psicolóxico de inéditas dimensións. Afecta en distintos niveis e intensidade, sen que escape ningunha franxa de idade, tanto pola repercusión da enfermidade (falecementos, hospitalizacións, illamentos, corentenas...), como tamén polas consecuencias (distanciamento social, soidade, perdas económicas, medo ao contaxio, dificultade para os coidados e a conciliación, incerteza, etc.). Por iso, desde ambas as dúas institucións promotoras do encontro considerouse que esta edición debía centrarse na pandemia e analizar algúns dos seus considerables efectos no plano psicolóxico. Máis de 300 persoas asistiron a todas as actividades desta edición.

### **Espazo de Autocoidado**

Este ano, creouse o Espazo de Autocoidado, co obxecto de contribuír a preservar a saúde emocional da comunidade, proporcionando ferramentas e recursos para este fin. Esta iniciativa parte da identificación da necesidade de visibilizar e atender a conciencia do autocoidado no contexto da pandemia pola COVID-19, como elemento imprescindible no benestar das persoas e tamén da comunidade.

Nas distintas actividades promovidas desde este Espazo participaron máis de 2.000 persoas. Tamén se editou un tríptico, unha serie de carteis e divulgáronse varios vídeos informativos.

### **Premio Publicitario do Parlamento de Galicia**

Foille concedido ao COPG o Premio Publicidade en Galego do Parlamento de Galicia, na categoría televisión, polo anuncio “Non é tabú, é a vida. Falamos?”, unha campaña promovida desde a Comisión para a Defensa da Profesión deste Colexio.

## **4. Relacións con outras entidades**

### **4.1. O COPG e Consejo General de la Psicología**

- Asistencia ás distintas reunións de Junta de Gobierno e de Junta General do Consejo General de la Psicología.
- Participación nas distintas áreas e divisións a través das persoas representantes.
- Constitución de comisións de valoración para as acreditacións profesionais que expide o Consejo General de la Psicología.

4.2. Colaboramos con **outros colexios profesionais**. Continuamos mantendo un estreito contacto cos colexios profesionais sanitarios, explorando modos de colaboración. Tamén mantemos unha colaboración co Colexio de Educadores e Educadoras Sociais e co de Traballo Social, cos que conformamos o Espazo Dialoga. De feito, con estes colexios, así como co de Terapia Ocupacional e Fisioterapia e a Federación de Alzheimer de Galicia, FAGAL, realizamos un comunicado conxunto amosando a nosa preocupación pola posible desigualdade no acceso a terapias especializadas por parte das persoas maiores coa posta en marcha das casas do maior no rural.

Ademais, asinouse un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física de do Deporte, con quen xa desenvolvemos un Obradoiro interprofesional ambos os dous colexios, xunto co Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas, coa intención de detectar oportunidades para traballar conxuntamente.

4.3. Formamos parte de **Unión Profesional de Galicia**, que agrupa 40 colexios e representa a máis de 65.000 profesionais. Desde 2016 a decana exerce a vicepresidencia da súa xunta directiva e tamén ostenta a representación de Unión Profesional no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Como cada ano, elaborou unha guía de peritos que se distribúe en todos os xulgados galegos, na que tamén se inclúe os psicólogos e psicólogas que forman parte da listaxe de periciais do COPG, así como os mediadores e mediadoras do Rexistro de Mediación do COPG.

Ademais, publicouse o Libro Branco das profesións galegas para a reconstrución social, económica e cultural, para o que se realizou unha contribución desde o COPG.

4.4. Mantemos tamén a colaboración coa **Universidade de Santiago de Compostela**, máis estreitamente coa Facultade de Psicoloxía.

Un ano máis, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG impartiu o Módulo de Ética e Deontoloxía para o alumnado de Practicum de 4º curso de Grao de Psicoloxía no marco dun convenio asinado polo COPG coa Facultade de Psicoloxía da USC.

4.5. Formamos parte do **Movemento Galego da Saúde Mental**, unha plataforma respaldada por máis de 400 entidades, profesionais e usuarios e usuarias da Saúde Mental.

4.6. Tamén colaboramos con outras entidades:

- Formamos parte da plataforma *SOS Sanidade Pública*, e estamos a participar nas súas actividades para defender unha mellor atención á saúde, incluída a saúde mental, xunto con outros colectivos profesionais.
- Colaboramos coa *Asociación Consensus*, coa que participamos en dous proxectos europeos, PRO.VI, que analiza a atención ás vítimas de delitos, incluída a atención psicolóxica, para detectar carencias e modelos de boas prácticas, para posteriormente difundir eses modelos para tratar de incorporalos nos estados europeos, e no proxecto SERV, de boas prácticas de apoio ás mulleres vítimas de violencia..
- Coa *Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS*, con quen colaboramos estreitamente na reivindicación de melloras na atención á saúde mental no Servizo Galego de Saúde.
- Coa *Ordem dos psicólogos portugueses*.
- *Confederación de Empresarios da Coruña*, con quen mantemos un convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións.
- Asinouse un convenio coa *Confederación de Empresarios de Lugo*, en materia de formación e asesoramento.
- Coa *UNED da Coruña*, onde participamos na Feira de Emprego do Centro UNED da Coruña, un encontro no que se lle proporcionou información ao alumnado sobre as oportunidades laborais do Grao de Psicoloxía, así como as vantaxes e servizos da colexiación.
- Mantemos convenios de colaboración coa *Fundación Meniños*, coa *Federación Galega de Dano Cerebral, FEGADACE* e coa *Asociación Galega de Terapia Familiar*.



En canto á **Comisión para a Defensa da Profesión**, no que vai de ano iniciáronse 14 expedientes por intrusismo profesional. Estes expedientes deron lugar a actuacións coas propias persoas denunciadas, ou taména través das administracións públicas, como o IMELGA ou ante a Inspección Sanitaria. Ademais, desde a Comisión presentouse a campaña publicitaria “Falamos” no Congreso Nacional de Psicoloxía, organizado polo Consejo General de la Psicología.

## **5. Alegacións e achegas:**

As máis importantes foron:

- Achegas ao Decreto de Ordenación de Atención Primaria.
- Achegas ao Decreto de ordenación da Formación Sanitaria Especializada.
- Reclamación ante a Consellería de Sanidade solicitando que se incorpore á Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia a figura do ou da especialista en Psicoloxía Clínica.
- Reclamación á Consellería de Educación para que se considere que as persoas licenciadas en psicoloxía con anterioridade ao 1 de outubro de 2009 non lle sexa esixible a acreditación de ter superado o Mestrado Universitario en Profesorado.
- Escrito á Xerencia e a Dirección Asistencial da Área Sanitaria da Coruña en relación coa atención á poboación Infanto-Xuvenil da devandita área sanitaria.
- Reclamación ante o Concello de Ferrol en relación coa designación dun profesional da psicoloxía como responsable do contrato do servizo de axuda a domicilio municipal.
- Alegación ante a Universidade de Vigo para que se recoñeza como titulación o Grao ou a Licenciatura en Psicoloxía para proveer unha praza de psicobioloxía.
- Recurso de alzada ante a Xunta de Galicia polo proceso selectivo ingreso para facultativo superior en Servizos Sociais da Xunta de Galicia.
- Recurso de Reposición ante o Concello de Ortigueira en relación coas bases e convocatoria de proceso selectivo para a contratación do persoal docente do Obradoiro dual de emprego Terras de Ortegal.
- Solicitud de información á Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, así como á Dirección Asistencial da mesma, obre a situación do proceso de desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia Post COVID 19 Período 2020-2024 na devandita Área.
- Recurso de reposición ao Concello de Fene contra as Bases de Selección para a formación de dúas listas de aspirantes para cubrir como funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal cunha categoría equivalente de prazas de Psicólogo/a e/ou Técnico/a de intervención Familiar, para que faga constar a Licenciatura ou Grao en Psicoloxía como a titulación necesaria.



## 6. Campaña 25N

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizamos e participamos en diversas actividades co gallo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra a Muller, que se conmemora o 25 de novembro. En primeiro lugar, difundimos un ano máis unha declaración institucional que poñía o foco en como a pandemia agravara a situación de violencia que experimentaban moitas mulleres. Así mesmo, realizamos de forma online o acto literario "Vozes contra a Violencia", no que participaron moitas creadoras e creadores galegos, tanto do ámbito da música como da poesía, que difundimos as súas colaboracións a través das redes sociais.

Participamos na campaña En Negro contra as Violencias e reeditamos a campaña Polo Bo Trato coa FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias), que xa mencionamos.

## 7. Achegas da Psicoloxía

Aprazado desde 2020, puidemos celebrar en decembro a entrega do Premio Dolores Llópiz 2020, Psicoloxía e Sociedade, que recaeu na cantautora Uxía Senlle, así como o recoñecemento como colexiado de honra a Elixio Domarco Álvarez. Neste mesmo acto, fíxose entrega do recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que en 2020 e 2021 cumpriron 25 anos de colexiación e déuselle a benvinda ás novas e novos colexiados, así como a entrega do Premio Literario Rosa de Cen Follas, nun acto que se denominou "Gala da Psicoloxía Galega", no que o colexiado Miguel Anxo García Álvarez ofreceu unha conferencia sobre os 40 anos de psicología profesional en Galicia.

## 8. Estado da colexiación

A día de hoxe somos 3355 colexiados e colexiadas ordinarias, 6 colexiados asociados e asociadas e 42 xubilados e xubiladas.

## 9. Lema

O lema aprobado en Xunta de Goberno para 2022 é "**Saúde Mental, é de lei**", na defensa de que a atención á saúde mental nas súas diversas áreas ten que estar garantida pola lexislación e, así mesmo, suficientemente dotada nos recursos humanos para prestar tal atención psicolóxica de calidade.

## 10. Relacións cos medios de comunicación

Ao longo do ano difundíronse as seguintes declaracións institucionais:

- Día Internacional de toma de conciencia do abuso e do maltrato na vellez.
- Día Mundial da Saúde
- Día Internacional da Muller.
- Día Mundial da Saúde Mental
- Día das Vítimas de accidentes de Tráfico
- Día Internacional pola Erradicación da Violencia contra a Muller.
- Comunicados de condena dos asasinatos por violencia de xénero.

Difundíronse 13 notas de prensa e comunicados, e mantívose un perfil moi alto de participacións nos medios de comunicación, en liña coa tendencia que se disparara o ano anterior. O impacto psicolóxico da COVID foi protagonista de novo, especialmente que na súa interacción con outros fenómenos sociais (o teletraballo, a violencia de xénero, a saúde mental...).



Neste sentido, pola importancia que ten a divulgación da profesión, recentemente aprobouse a creación dun premio de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, coa intención a impulsar a psicoloxía na sociedade fronte a pseudoterapias e pseudociencias.